



Só quen da a súa vida poderá salvala (cf. Lc 9, 24)."

O mércores, 6 de xuño celebramos o día do doador de órganos. Como homes e mulleres seguidores de Cristo resucitado, animados pola forza do Espírito, a Igrexa convidanos a realizar xestos altruístas que testifiquen o amor de Cristo, facéndonos doadores de órganos, dando vida a quen se atopa en dificultades e prolongando a nosa vida despois da morte. Así o expresa o catecismo da Igrexa católica no nº2296. ***".. a doazón de órganos despois da morte é un acto noble e meritorio que debe ser alentado como manifestación de solidariedade xenerosa..."*** San Juan Pablo II na carta encíclica *Evangelium vitae* lembrounos que, entre os xestos que contribúen a alimentar unha auténtica cultura da vida ***"merece especial recoñecemento a doazón de órganos, realizada segundo criterios eticamente aceptables, para ofrecer unha posibilidade de curación e incluso de vida, a enfermos tal vez sen esperanzas"*** (n. 86). Benedicto XVI nun discurso aos participantes nun congreso internacional sobre doazón de órganos dixo: ***"A doazón de órganos é unha forma peculiar de testimonio da caridade... é entrar na lóxica da gratuidade... Existe unha responsabilidade do amor e da caridade que compromete a facer da propia vida un don para os demais, si se quere verdadeiramente a propia realización."*** E o papa Francisco nos anima a facernos doadores detendo así o tráfico ilegal de órganos. ***"doar órganos é un xesto de amor, pero entrar nunha espiral de comercio e venta é un crime"***.

Dende a Federación de persoas con enfermidade renal de Galicia (Federación ALCER Galicia) animámoste a entrar nas páxinas web das nosas asociacións provinciais a facerte doador de órganos porque di o lema deste ano:

ALCER Coruña: <http://alcercoruna.org/>

ALCER Lugo: <http://alcerlugo.org/>

ALCER Ourense: <http://www.alcerourense.com>

ALCER Pontevedra: [Facebook ALCER Pontevedra](#)